



breves

As Letras Galegas'08 homenaxearán a Xosé M^a Álvarez Blázquez

O Pleno da Real Academia Galega acordou adicarlle o "Día das Letras Galegas" do vindeiro ano 2008 á figura do intelectual tudense Xosé María Álvarez Blázquez. A Academia destacou que Álvarez Blázquez foi "o exemplo perfecto dun home polígrafo, erudito e interesado pola historia, a arqueoloxía ou a literatura", e destacou tamén o seu "importante labor" como editor.

Cultura asina un convenio co Ministerio para a dotación de bibliotecas

O acordo, que o Consello da Xunta aprobou o pasado xoves, destinará a estes centros galegos de lectura e consulta máis de 2.616.000 euros. O acordo mellorará a rede de bibliotecas mediante a ampliación dos fondos bibliográficos e a modernización das súas instalacións. O custe total para a adquisición das obras será repartido a partes iguais entre a Consellería de Cultura e o Ministerio, a quen lles corresponderá contribuir con máis dun 1.308.000 euros cada un.

Portela diseña o novo Teatro Fraga Caixa Galicia de Vigo

O novo T. Fraga Caixa Galicia sumarase, segundo o exposto polo máximo dirixente da Caixa, José Luis Méndez, a un conxunto de espazos singulares que conforman a rede de sedes da Fundación Caixa Galicia, "unha rede de infraestruturas única que se comporta como os piares sobre os que construímos, cada día", "unha programación sociocultural dunha intensidade e un vigor únicos". O deseño do novo edificio correu a cargo do arquitecto galego César Portela.

Cultura programa espectáculos ao aire libre en máis de 100 concellos

Haberá 261 actuacións de teatro, música, contacontos, monicreques e maxi

REDACCIÓN/ COMPOSTELA

Aproveitando que durante o verán a xente pasa máis tempo na rúa, a Consellería de Cultura deseñou un programa de actuacións ao aire libre en máis de 100 concellos.

"Cultura de rúa" contará con 261 actuacións que irán desde teatro a concertos de música pasando por contacontos e espectáculos de maxia ou de monicreques.

A Consellería de Cultura organiza esta iniciativa e financia entre o 50% e o 60% das actuacións, colaborando con máis cartos naqueles concellos con menor orzamento e poboación. En total, o departamento que dirixe Ánxela Bugallo investirá uns 230.000 euros.

Serán arredor dun cento de grupos e de artistas os que tomarán as rúas de cidades e de vilas galegas desde este luns día 10 de xullo até o 29 de setembro. Entre os músicos figuran artistas como Mercedes Peón, Os Cempés, Pablo Carpintero, Quemallou, Llan de Cubel ou Zenzar.

A improvisación e a capaci-



Algún dos artistas que actuarán dentro do programa

dade de contar historias virán da man de, entre outros, Cándido Pazó e Santi Prego. En canto ao teatro, participarán compañías como Migallas, Caramuxo, Danthea e Nove-Dous. Entre as propostas de clow figuran artistas como Kote Malabar Clown, Pablo Trasno ou o grupo de circo Pistacatro.

Tamén haberá lugar para a ilusión e a maxia da man de ilusionistas como os magos Norberto, Richard ou Xacobe. Outra das propostas escénicas é a dos monicreques, con espectáculos, entre outros, de Cachirulo, Cascanueces, Falcátrúa e Tanxarina.

"Cultura de rúa" é un dos novos circuitos culturais postos en marcha pola Consellería de Cultura e Deporte para achegar os espectáculos culturais e as artes a todos os concellos á vez que fortalecer e dá novas oportunidades aos artistas e grupos galegos. Entre estes circuitos tamén figuran "Cultura en familia" e "4x4", que se interromperon durante o verán para dar paso a "Cultura de rúa".

a imaxe



A **librería Conceiro**, especializada en literatura galega e portuguesa e unha das máis antigas e con máis renome de Santiago de Compostela, cambiou de local e renovou as súas instalacións despois de 30 anos de ubicación na rúa da República do Salvador. A librería emprázase nunha casa restaurada na emblemática Praza de Cervantes.



Este Xornal faise con papel reciclado

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.. Edita: EDICIÓN A PENEIRA CONDADO S.A. Enderezo: Sarmiento Rivera, 17- Tel e Fax: 986 66 09 86 // 36 860 PONTEAREAS (Galiza)

Delegacións: Juan Louzán Tlf e Fax: 926 547606 - 91 539 52 41 (Madrid) Susana Rei - Tlf. 659 50 47 36 (Valencia)

F. Alvarez (Koki) 86-19,58 Av. Elmhurst (Nova Lorque 11373 - USA) Natasha Vázquez - Tlf. 451526 (A Habana -Cuba)

Publicidade: Fran e Departamento propio - Montaxe e deseño: Diego Giraldez e X. Ramón Couñago Impresión: Tameiga Publicacións /Mos - Tlf: 986 48 74 80 - Depósito Legal: OR/57/84

a_outra_cara_

ANTÓN FERNÁNDEZ ESCUREDO

CARA B

Satélite

Manrique Fernández*

Antonio Méndez, Presidente Adegas Rubiós

'As cooperativas deberían ser a base da economía rural para fixar poboación'

Marchou a Madrid con 14 anos e traballou na hostalería. É unhas das cabezas visibles do proxecto da cooperativa e a adega "Coto Redondo" de Rubiós (As Neves) que está a revolucionar a produción do viño no sur de Pontevedra.

-Cal é o segredo para facer un bo viño?

-Ter unha materia prima moi boa e logo tratar a uva e o viño tan ben como tratarías a unha persoa querida.

-En Rubiós temos esas condicións?

-Si. Somos unha parroquia con moita tradición de viño tinto desde hai moitas xeracións. Fá-lase de que somos "unha illa de tintos nun mar de brancos". Levamos moitos anos coa inque-danza de poder relanzar os nosos tintos. Temos variedades autóctonas como é o Sousón con máis do 90 % da produción da mesma parroquia. Logo temos Pedral, que agardamos que se coloque no DOG, Espadeiro e Caíño. O que queremos potenciar é o "Señorío de Rubiós" de toda a vida. O que foi o Condado dos nosos avós. Temos tamén o "Terra de Xuliana", un monovietal con cepas vellas e escollidas de Sousón. É un viño extremadamente coidado. Logo estamos a facer 12.000 botellas de mencia con uvas de Salvaterra, Arbo e As Neves. Este ano comezaremos a tratar unha nova finca para pro-

ducir viño ecolóxico.

-Canto tempo leva facer un viño?

-Nós nos tintos empezamos tarde. Temos unha filosofía diferente aos brancos. Tentamos que os tintos saian embotellados como moi cedo entre abril e xuño. Uns dez meses despois da vendima. Os brancos embotellámoslos en marzo ou abril.

-O viño galego ten que competir con bebidas de fóra. Como o potenciaría entre a poboación que non o consume?

-Nós aquí non o tivemos difícil. Rubiós en tinto ten unha sona impresionante en toda Pontevedra, na zona da costa da Coruña, en Lugo e nalgúns lugares de Ourense. Primeiro tes que romper a desconfianza e explicarlle que se fai con todas as garantías sanitarias e as tecnoloxías modernas. Nós temos dous proxectos diferenciados: unha cooperativa para producir uva tinta e unha Sociedade Limitada para a explotación da Adega. A propia Cooperativa é socia da adega, logo están os viticultores a título individuais e varios accionistas que sobre todo son produtores



de uva branca. Atopámonos con xente que desconfiaba do viño ao seu paso por unha adega. Despois de probalo cambiaron de opinión. Agora mesmo a xente pide o noso viño nas taperías. Estamos a facer moitas catas e degustacións para que se coñeza no exterior. É un traballo de tempo e moita constancia. Tamén é fundamental a distribución. A xente identifica Rías Baixas, non moi acertadamente, co albariño. Nós potenciaremos variedades autóctonas cuidando as castes.

-É importante que os consumidores coñezan "in situ" as adegas?

-Si. Mesmo se podería montar un circuito de adegas no Con-

dado do Tea, igual que en todas as Rías Baixas. Podería ser unha aportación máis ao turismo rural e zonal. Hai moitas adegas e moi interesantes para visitar.

-As cooperativas poden ser unha saída para o sector do rural?

-Debería ser a base da economía rural para fixar poboación, pero é difícil. O sentido do cooperativismo non está de todo comprendido pola xente. Hai quen pensa que é entregar o produto e xa está. Ata hai xente negativa que non entende que moitas veces non podes pagar a uva ao momento. Nun proxecto coma o noso non podes estar pedindo créditos todos os anos.

O accidente producido días atrás nas costas de Ibiza vén de espreguizar escuras lembranzas en boa parte dos galegos, ao igual que sucedeu meses atrás nas costas andaluzas. O presunto sentinazo que chegou ás praias de Sada fixo saltar algunhas alarmas. A chegada de fuel ás costas galegas aínda se segue a producir, ben por pequenas fugas dun barco de ingrato recordo afundido fronte ás nosas costas nun terreo inestable, ben pola falla de moral de algúns dos capitáns dos moitísimos barcos que cada día navegan fronte ás nosas costas.

A responsabilidade de cada unha destas accións terá que asumila quen a teña, pero no aire aboia a sensación de que quen ten que tomar medidas para que este tipo de cousas non sucedan máis, anda a marear a perdid. As poucas medidas adoptadas até o de agora non abundan, logo haberá que tomar outras.

E, mentras tanto, os nosos ollos seguen afogados en bágoas negras, bágoas de fuel, á espera dunha nova desgracia fronte ás nosas costas.

Por sempre, nunca máis...

* Manrique Fernández é xornalista

caras



X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

O escritor tudense será homenaxeado o vindeiro ano no Día das Letras Galegas; competía con Carvalho Calero e Lois Pereiro pero hai letras para todos... Polo de agora lembremos xuntos ao autor do *Cancioneiro de Monfero*.



ROMÁN YARZA

O fundador de Copo Ibérica, a maior multinacional da industria do automóbil con capital galego decidiu retirarse polo que ven de vender o 40% de Copo Inversiones. O montante asegura a súa xubilación. Xa quereríamos algúns...



CATALINA GONZÁLEZ

A edil popular de Sanxenxo, converteuse na alcaldesa que máis cobra de Pontevedra: 78.000 euros brutos, o que a sitúa a tan só 7.000 euros do presidente da Xunta. Ela o xustifica porque o concello exixe 24 horas de dispoñibilidade.



ÓSCAR PEREIRO

O ciclista mosense do Caisse d'epargne non está a ter o protagonismo agardado despois de ternos, o ano pasado, brincando no sofá. De tódolos xeitos, como el mesmo di, *vai a máis*, a ver... e mentres os de Mos triturando as uñas...